



CRITERIOS DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

1. EXISTENCIA DE IRMÁS/ÁNS MATRICULADAS/OS NO CENTRO

- a) Por unha irmá ou irmán matriculado no centro **8 puntos**
b) Polo segundo e seguintes irmáns **2 puntos** por cada un
c) Xemelgos, sempre que aleguen domicilio na área de influencia **8 puntos**

Xustificante: **Copia completa do libro ou libros de familia.**

2. NAI, PAI, TITORA OU TITOR QUE TRABALLE NO CENTRO..... 3 puntos

Xustificante: **Certificación da dirección do propio centro.**

3. PROXIMIDADE DO CENTRO EDUCATIVO AO DOMICILIO FAMILIAR OU LUGAR DE TRABALLO DOS PROXENITORES OU TITORES

A valoración deste criterio realizarase aplicando os seguintes baremos, con **carácter excluínte:**

a) Proximidade do domicilio familiar:

Se se atopa na área de influencia do centro **6 puntos**

Se se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro..... **3 puntos**

Documentación a presentar: **Certificado de empadramento, expedido polo concello.** A data de alta no domicilio deberá ter unha antigüidade mínima de UN ANO.

De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, ou no caso de que non se cumpra o requisito de antigüidade no padrón, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (**escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer**) e **contrato de alta de recibos actualizados de subministración** (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza.

b) Proximidade do lugar de traballo:

Se está situado na área de influencia do centro **4 puntos**

Se está situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro..... **2 puntos**

Documentación a presentar:

- No caso dos *traballadores* que realizan a súa actividade *por conta allea*, achegarase un **certificado** expedido para o efecto polo empregador xunto cunha **copia do contrato de traballo.**
- No caso de *traballadores/as por conta propia*, a proximidade do lugar de traballo ao centro acreditarase mediante **alta censal inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria**, con todas as posibles modificacións posteriores, e **alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social** no réxime correspondente.
- O persoal so servizo das administración públicas presentará unha **certificación** expedida pola xefatura de persoal correspondente.



4. RENDA ANUAL PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Para a valoración da renda da unidade familiar terase en conta a declaración da renda do **ano 2012**. Os interesados/as deberán sinalar na solicitude a cantidade que resulte da **suma da casaña 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro) dividida entre o número de membros da unidade familiar no ano ao que corresponde a declaración do IRPF**. O IPREM correspondente ao ano 2012 está cifrado en **6.390,13€** anuais, con exclusión das pagas extraordinarias.

Se o resultado é:

- a) inferior a 0,5 veces o IPREM (**3.195,06€**)..... **3 puntos**
- b) igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM (**3.195,06 - 4.792,60€**) **2 puntos**
- c) igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM (**4.792,60 – 6.390,12€**) **1 punto**
- d) igual ou superior ao IPREM (**6.390,13€**) **0 puntos**

Documentación a presentar: autorización expresa (**Folla 3 da Solicitude**) para que a Axencia Tributaria subministre a información á Consellería de Educación.

5. CONDICIÓ DE FAMILIA NUMEROSA

- a) Por pertencer a familia numerosa de categoría especial..... **3 puntos**
- b) Por pertenza a familia numerosa de categoría xeral..... **2 puntos**

Documentación a presentar: **Fotocopia compulsada do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar.**

6. CONDICIÓ DE FAMILIA MONOPARENTAL.....2 puntos

Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.

7. CONCORRENCIA DE DISCAPACIDADE NA ALUMNA OU ALUMNO, OU EN PAI, NAI, TITOR/A, IRMÁN DO ALUMNADO (en grao igual ou superior ó 33%): máx. 4 puntos

- a) Por discapacidade da alumna ou alumno..... **4 puntos**
- b) Por discapacidade dun dos proxenitores ou titores..... **3 puntos**
- c) Por discapacidade dalgún dos irmáns da alumna ou alumno..... **1 punto por cada un deles**

Documentación: Certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administración públicas.

8. CRITERIO COMPLEMENTARIO ESTABLECIDO POLO CENTRO1 punto

O Consello Escolar do CEIP Pío XII, na súa sesión do 28 de xaneiro, acordou outorgar o punto por criterio complementario consistente noutras circunstancias relevantes e xustificadas, de acordo con criterios obxectivos, establecido no artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012, do xeito seguinte:

“Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais:

- 1º Se o **domicilio familiar** está **na área de influencia** do centro.
- 2º Se o **lugar de traballo** dos pais ou titores legais está **na área de influencia** do centro.”

Documentación: a mesma que se indica no punto 3 deste documento (artigo 22 da Orde de admisión).



PUNTUACIÓN TOTAL E CRITERIOS DE DESEMPATE

A puntuación total que obteñan decidirá a orde de admisión. No caso de empate na puntuación final, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate:

- a) Existencia de irmás ou irmáns matriculados no centro.
- b) Nai, pai ou titores que traballen no centro.
- c) Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo de nai, pai ou titores.
- d) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- e) Condición de familia numerosa.
- f) Condición de familia monoparental.
- g) Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, da nai, pai ou titores ou dalgunha irmá ou irmán.
- h) Expediente académico do alumnado, de darse o caso.
- i) Criterio establecido polo centro educativo.

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público que se celebrou na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 26 de febreiro, segundo o cal as letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son as letras “I” e “R”; así mesmo, afectan ao segundo apelido as letras “K” e “B”.